



## CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

### BANDO DA ALCALDÍA

## **XESTIÓN DE BIOMASA PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS**

Os incendios forestais son unha **grave ameaza** para o medio ambiente e para as persoas que debemos afrontar entre todas e todos.

A *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, modificada a raíz dos trágicos incendios acontecidos no mes de outubro de 2017, nos que faleceron catro persoas en Galicia, ten como obxectivo prioritario e fundamental **incidir na protección das persoas e bens fronte ós incendios forestais**.

Esta Lei obriga a manter limpas as denominadas “redes secundarias de faixas de xestión de biomasa”, que **son franxas de seguridade**, ideadas para **evitar a propagación do lume, de forma que:**

Segundo o artigo 21 desta Lei, débese manter limpa de **piñeiros, eucaliptos, acacias, mimosas, toxos, xestas, fentos, silvas e uces**, as franxas de **50 metros** perimetrais a:

- Solo urbano, núcleo rural e urbanizable
- Edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras, parques e instalacións industriais.

Segundo citada lei, as persoas que resulten responsables, procederán á **LIMPEZA** (corta e roza) das súas parcelas, así como á retirada de especies arbóreas previamente mencionadas, **ANTES DE QUE FINALICE O MES DE MAIO DE CADA ANO.**

Lembrámoslle tamén a obriga de efectuar **ANUALMENTE** os traballos necesarios para dar cumprimento a esta normativa.

Félix Juncal Novas

Alcalde de Bueu

